



Global express

A actualidade na aula

Johannesburgo: salvémo-la Terra...ou non

1.



EPA, EL PAÍS



1. Observa e describe a fotografía.

2. ¿Quen se reuniron no Cumio da Terra e cales eran os seus obxectivos?

3. Analiza o seguinte cómic e ponlle un título.

4. ¿Cales cres que son os principais problemas que lle afectan ó noso planeta?



INTERMÓN OXFAM

2. A Terra necesita solucións urxentes



No Cumio da Terra tratáronse diversos temas fundamentais para o futuro do planeta.

5. Nos seguintes fragmentos de noticias da prensa busca información relacionada con estes catro temas: pobreza, auga, enerxía e medio natural/biodiversidade. Escribe os datos que obtiveches na columna correspondente.

...Bush anunciou que Estados Unidos aumentará nun 43%, nos próximos 18 anos, a emisión dos gases que intoxican a atmosfera.

EDUARDO GALEANO: "SOS: TERRORISMO MEDIOAMBIENTAL", EL MUNDO, 28/08/02


O comercio é un dos temas máis cruciais e comprometidos de Johannesburgo. (...) Os países ricos coaccionan para que os pobres abran os seus mercados, mentres protexen as súas propias economías con aranceis e mais con subsidios.

IGNASI CARRERAS: "DE LA RETÓRICA A LA ACCIÓN", EL PAÍS, 1/09/02

O 15% da poboación mundial que vive en países con altos ingresos é responsable do 56% do consumo total do mundo. Pola contra, o 40% que vive nos países de baixos ingresos só é responsable do 1% do consumo. Se tódolos habitantes do planeta vivisen co mesmo nivel de consumo de bens e de recursos dos países con máis ingresos, necesitaríanse outros 2,6 planetas para poder cubrir tódalas súas necesidades.

ATAJAR LA POBREZA PARA SALVAR EL PLANETA, LA VANGUARDIA, 25 DE AGOSTO DE 2002.

Las claves de la cumbre



El 40% de la población mundial causa de acceso a servicios modernos de energía.
¿QUÉ HACER?
 ■ Mejorar la eficiencia de la energía
 ■ Usar energía renovable y gas natural
 ■ Reforzar el potencial de flotas

Un 18% de la población mundial causa de agua potable y un 40% no cubre sus necesidades.
¿QUÉ HACER?
 ■ Se promueven inversiones en infraestructura
 ■ Transferencias de tecnología
 ■ Mejorar la gestión de recursos.

ATAJAR LA POBREZA PARA SALVAR EL PLANETA, LA VANGUARDIA, 25 DE AGOSTO DE 2002.

Os bosques seguen sendo devastados; 17 millóns de hectáreas desaparecen cada ano, unha superficie que é equivalente a catro veces a de Suíza (...) cada ano arredor de 6.000 especies animais son exterminadas.

IGNACIO RAMONET: "SALVEMOS EL PLANETA", LE MONDE DIPLOMATIQUE, AGOSTO DE 2002.

Pobreza	Auga	Enerxías	Medio natural e biodiversidade

6. ¿Que significa a expresión "desenvolvemento sostible"? Comentádea na clase.

3. Resultados e desacordos

7. Le e observa os seguintes titulares e maila imaxe:



CORDON PRESS

O Cumio da Terra acaba con poucos compromisos e con duras críticas das ONG.

EL PAÍS, 5/09/02

Sen logros, remata o Cumio da Terra; frustración dos países pobres.

LA JORNADA (MÉXICO), 5/09/02

As ONG acusan os líderes mundiais de non actuar de acordo coa súa retórica.

Entenden que os discursos benintencionados sobre o medio e a pobreza non se corresponden co acordado no Plan de Acción.

LA VANGUARDIA, 2/09/02

As ONG acusan o Cumio de sucumbir ós intereses das compañías multinacionais.

EL MUNDO, 2/09/02

8. ¿Cales son as críticas que se lle fan ó Cumio da Terra?

9. Estes son algúns dos acordos conseguidos. En grupos, discutide as vantaxes e as desvantaxes de cada un deles.

Comercio internacional

Os países ricos manifestaron a vontade de reduci-los subsidios dos seus produtos para que os países pobres poidan competir no mercado.

Enerxía

Os países utilizarán voluntariamente máis fontes de enerxías renovables. Non hai acordos para dotar de enerxía a dous mil millóns de persoas que carecen dela.

Auga

Intentar que para o ano 2015 se reduzan á metade as persoas que viven sen auga potable e sen saneamento.

Cooperación

Só 5 países están cumprindo o compromiso de da-lo 0,7% do seu PIB para axudar ó desenvolvemento dos países pobres. No Cumio da Terra pedíuselles ós restantes países que cumpran o acordado.

Medio natural

Acordouse diminuír para 2010 a perda da biodiversidade. Antes do mesmo ano reduciranse os danos que provocan os produtos químicos no medio natural. Poñerase en marcha o protocolo de Kyoto que regula a emisión de gases contaminantes.

10. Volve mira-la foto e os titulares da páxina anterior, observa o seguinte cómic e analiza cáles poden ter sido as causas de que non se conseguisen mellores resultados no Cumio de Johannesburgo.



INTERMON OXFAM

4. E nós, ¿que podemos facer?

Se ben os resultados do Cumio da Terra non foron os mellores, o traballo non rematou. A vida do noso planeta depende do esforzo de tódalas persoas.

11. Esta é a opinión dun representante dunha ONG. Lédea e despois debatide en grupos as seguintes cuestións:

“Afortunadamente este cumio mundial, onde se intercambiaron moitas de experiencias e informacións, o que tamén demostrou é que as solucións existen. É posible redistribuír mellor a terra e facer un uso máis adecuado da auga... Existe tecnoloxía respectuosa co medio e enerxías renovables que non contaminan. E tamén sinalou un camiño, o dun crecemento económico, social e ambientalmente responsable, que sexa respectuoso cos dereitos humanos e máis cos laborais. E se os responsables mundiais fracasaron, porque viven lonxe da terra e da xente, nós non podemos quedar cos brazos cruzados. Colectivamente témoslles que esixir ós nosos gobernos que asuman compromisos e actúen rapidamente, local e globalmente. Pero como cidadáns tamén temos responsabilidades. Temos que establecer pautas de consumo sostibles e ser solidarios evitando que o benestar duns poucos sexa causa da exclusión de moitos”.

¿Que podemos facer?

- Accións nos fogares
- Accións na escola e no barrio
- Accións a nivel de país
- Accións a nivel do planeta